

Vida número 2- O AZUL DOE

Cantas veces mirei ó mar pasaxeiro e desfrutei da súa transferible calma. Agora finxo que o fago, finxo que non me doe cada cousa en azul que atopo. Percorrería rúas enteiras mirando ao chan por non ver o azul do ceo e o meu pescozo chora polos seus ligamentos. Levo tempo desgustando aos meus sentidos pousando a mirada nel, por mor de que a miña mente recorde a dor que me fixo. Agocho os meus auriculares azuis nun caixón, fronte todas as demais cousas: uns libros, a caixa da artesanía, os meus debuxos, as cintas do pelo... Bágoas na tea da miña roupa azul, tan cotiá de levala posta antes; pero agora claro, ferven en min as lembranzas desa eléctrica cor. A morea de historias que se me pasan pola cabeza nese momento consuman o meu tempo ata límites inexorables, e sinto que se quixera, sangraría azul. As implacables cicatrices do meu espírito explican que marcou un antes e un despois na miña vida, no que o amor que cultivei abxurouse polo odio e no valado do mal en min non hai quen dite o contrario. O meu entendemento pola aflición que sinto ao ver o azul chega a poucas partes, só sei que comezo notando unha grave angustia e non hai sentimento derradeiro a ese acontecemento. Prevalece en min un tormento, ao que xa non lle berro que pare, porque a esperanza trátame peor ca o suplicio. Pregúntome se seguirei sendo a de antes, despois de suprimir da miña vida algo que sempre a acomodaba e mais lle ofrecía unha resposta con gozo. Non deixo espazo a preguntarme se algunha vez rematará esta pena, déixoa atravesar lixeira os acontecementos para non sentir o peso das rabuñadas na pel. A solución fora esfumar de min esa pantasma coa mensaxe de non volver a pensar nela; pero canto máis o intento, máis me persegue como tola aos cantos do cárcere do meu intelecto. Se é que algunha vez me dotei de amor propio, agora mesmo ocúltase detrás desa cor e polo tanto, non son quen de alcanzalo. Tampouco fun moito de orar ata que chegou o pesadelo, quixera volver atrás, onda a monotonía de branco e negro volatilizaba a cor; unha razón máis para querer saír na tele. Vivira cousas peores, estaba segura, pero ningunha deixara tanta pegada na miña vida e sinto tras cada segundo que vexo ese tinguadura azulada o desexo de morrer. Un día quedarei inmovilizada polo tempo, sen ter que me preocupar sobre o que ven os meus ollos, pois nada van ver. E cando chegue ese momento suspirarei, e faría festa se puidese, porque tan cambiante pode ser unha emoción como a vida. Hai quen di que estamos a un paso de todo, e no que eles ven centímetros eu imaxino un universo por diante para deixar de desacougarme por unha mísera cor. Ah! Que rabia me produce que algo tan bonito en min traia desgraza agora á miña vida. Antes ao velo era puro encantamento, e apertas latentes. Podía falar comigo mesma en todos os idiomas, pois sempre entendía o que estaba a dicir. Viaxaba aos máis estraños mundos que en cuestión de segundos arroupaban os contratempos camiño a unha solución. O azul era tan, tan bonito que se amosaba ímprobo para representarme a min, ás miñas experiencias e ideais. O azul levoume a verter confianza en min e noutros, a soñar sen complicacións e a louvar os meus logros. Ultimamente o azul lévame a facer cousas moi feas, como mollar as sabas coas bágoas pasaxeiras, que parecen viaxar só pola miña zona e, polo tanto, non son tan pasaxeiras. Aquel día espertara a unha hora prudente; non vou mentir, sen ningunha gana de dicirlle ola ao mundo unha vez máis. Podería dicir que me levantei co pé esquerdo, polos encadeados acontecementos posteriores, mais o cansazo apertaba as miñas pálpebras cara abaixo e non recordo moito máis que seguir a miña rutina. O meu ventre protestou pola escaseza de alimento, o día anterior non ceara máis que un anaquiño de mazá; xa se me quitara o apetito coa caída do sol. Tiña pensado estar todo o día na cama, tanto ten que fixera baluarte do meu corazón, se ao final o meu corpo sempre funcionaba como canle para acceder a el, e o corpo pedía sesta. Ao final decidín non bufar máis con trapalladas á miña nai e espertei dun salto, pois se non durmíra nun intre de novo. Ao preparar a mochila da escola metín todos os libros excepto o de matemáticas, xa nunca o levaba, coa tapa cobalto tan rechamante, non teño por que esclarecer a razón. Baixei coma sempre nos últimos 4 meses. Encollida e enrolada nos meus pensamentos máis

profundos, intentando afastar a dor de min, tirando dunha corda inversa que quere baixar do cume da montaña seguindo cara arriba. Iso quero eu. Seguir adiante, sen ter a cabeza gacha e o maxín frustrado, sen pousar o derradeiro murmuro no meu fogar andante. Apurei os pasos; o meu corpo pesaba tanto que semellaba deixar pegadas no asfalto e á vez sentía que cun suspiro, levábao o vento. Había tanta adversidade entre os meus sentimentos dende aquela, e tan rimbombante núcleo de situacións que levaban sempre ao mesmo lugar, que arelaba pechar os ollos e desfacerme de min.

Baixei porque sabía que o meu amigo agardaría por min coma todas as mañás; eu xa non tiña móbil e el non chamara para rexeitar ningunha quedada. Móbil, ditoso móbil. Fuches o inicio das miñas penumbras e eu non quero acabar en ti. Quero acabar na terra, pode que no ar, ou no mar. Entón abrín o meu libriño de poemas e comecei a escribir:

Préndeme lume.

Déixame regresar a min; por iso

préndeme lume,

nos teus bicos e apertas,

que non me deixen morrer de friaxe.

Préndeme lume de todos os sabores,

de amarelo cor viaxe.

Queima o que queda, o que falta,

os segundos que atravesan

o lume con que me queimas,

queimada mentres alumo,

aporto algo finalmente ao mundo.

Queimada pensaría,

de recordos libre sería;

pero son os únicos que entre o lume,

escapan, permanecen.

Sentía agora o corpo máis baleiro, se cadra máis livián. Pensando de fronte nos sentimentos que me aflixían conseguía esquecelos por un momento; porque alí postos, semellaban só palabras. Pensaba se alguén se sentiría identificado ao ler o meu poema. Se de algunha forma conseguira aplicalo á súa vida, como fan outros. Pensei: “Un poema son infinitas vidas, infinitas persoas, somos todos, escritos nun papel”. E por primeira vez en meses saíu algo bonito e mesmo intelixentemente reflexivo da miña boca.

Continuei camiñando polo sendeiro máis longo. Gustábame argallar e dar voltas polas rúas, confluíndo e danzando entre elas. Case que conseguín apartar de min o meu pensamento máis cotián, ata que vin unha goma de mascar azul no chan.

Conseguín chegar ata o portal do rapaz sen berrar moito, aínda que na miña cabeza se estivera a

levar a cabo unha reunión das neuronas máis problemáticas do organismo, facendo soar alarmas en todos os recunchos, ata nos menos concorridos. As alarmas non tardaron moito en darse a coñecer ao exterior.

Xa non era o azul, todo o identificaba coa miña dor, todo levaba a el, todo levaba a todo, todo significa dor, a dor é o único que teño, perdo todo.

Esvaezo no chan.

Espertei querendo facer unha pescuda de todo isto. Non podía continuar así. Que raios pasa comigo? Quedo absorta en todo o malo, cada vez estou máis afastada de saber que sinto e por que. Esquezo quen eras, que fuches, quen fomos. Esquezo iso pero lembro o máis efémero do que pasou, e cargo con el para acordarme de ti, en vez de literalmente acordarme de ti, de como te perdín.

O azul xa non era unha cor, era un sentimento, un sentimento de ti. Xa non estaba na cor azul, estaba en todas partes. Nacía en min e vivía para sempre. Agora pregunto, por que o fixeches para min? Por que deixaches o teu *chat* aberto no meu, vendo eu os dous vistos azuis das miñas mensaxes, mentres te matabas? Sabes que? Agora

o azul doe.

Vida número 2: esta rapaza perdeu de nova ao seu amor e agora recorda no seu cadaleito a carta que lle escribira. Cúmplense 7 anos da súa morte, agora xa poderá deixar o pasado atrás e ir na busca, dunha nova alma xemelga.